

858

ROBERTO BLANCO TORRES

ORBALLO DA
MEDIA NOITE



ACADEMIA
DESA
CRUÑA

03

teca

NÓS - VOLUME XXIX - A CRUÑA - 1929

12


ROBERTO BLANCO TORRES

ORFALLO DA
MEDIA NOITE



1929 - VOLUME XXIX
"NÓS" PUBLICAZÓN GALEGAS
E IMPRENTA

Real, 86-1.º A CRUÑA



THE NATIONAL

ARCHIVE

1900-1910

1903

1904

1905


1906

1907

1908

1909

1910




REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

13803

240760

Biblioteca

I





Orballo...

Cómo vai caíndo,

sin velo,

sin sentilo,

lento,

como o vestigio platónico das horas,

com'o tempo.

Orballo da media noite

sobre a terra endormiñada.

(A media noite da vida

cega pol-o afán de todol-os soles.)

A luz, doente,
lisiada no mais puro orixe,
enferma de si mesma,
escondeuse entr'as sombras.

Sol feito orballo,
caladiño,
segredamente
vai caíndo,
a borrar a lembranza da luz
e voltar de novo a alumeal-o mundo.

Orballo...

Na noite silente, profunda, érguese
o ímpetu esotérico das cousas
e rega, con inéditos afáns,
os surcos virginaes dos misterios telúricos.


No ar esputante, con púber ardencia,
miriadas de ións desperguízanse
en pulo dinámico.

Na terra os germens, en brama de nupcia, agítanse

con universal balbordo de enerxía,
de virtús prolíficas aínda iñoradas,
de forzas prístinas,
de supernos degoiros.

Surte do abisal arcano,
no anhélito do «elan» biolóxico forjando a idea,
unha original morfología,
un novo senso,
unha nova luz e un novo ritmo.

Noite chea, incinta.
O istinto cósmico
ensaia nova vida.



POEMA DO ALFAREIRO

Tí crês qu-o Mundo está feito
pr'ó teu regalo,
e n-él danzas, jogas, vives,
sin pensar n-outra cousa.

Pois non; o Mundo faise,
está facéndose;
íl será o que tí queiras i-outros queiran,
e compre non lle furtes teu esforzo.

Non che será dada a trégoa
mais alá, no oscuro,
no ultrametafísico,
se regateas do teu brazo
o pulo feito amor;

brazo de carne tenso,
ágil e firme,
cheo d-alma ardorosa.

Non terán remisión o teu xogo,
a tua danza e a tua vida,
se a obra suma refuges.

¡Terás sido chispa sin luz,
fogueira non acesa,
verba sin voz,
alma informe!

Arranja ô teu amor o cosmos,
no desorde pon ritmo,
no amorfo, arista.

Traballa e descansa;
e baixo do ceo infindo
frúe a beleza da túa obra,
chea de contentos eternaes.

Despois de cada jornada
regusta o júbilo fecundo

de crear, de trocar a Nada
en forma, dándolle senso e vida.
¡Racionaliza o caos
e séntate á dereita de Deus-pai!

le livre de l'histoire de la France
par Louis de Broglie, tome 5, 1895
Paris, Librairie de la Revue de France
1895

Paris, le 15 Mars 1895
Monsieur le Ministre,
J'ai l'honneur de vous adresser
ci-joint le rapport que vous
m'avez demandé de faire sur
l'ouvrage de M. de Broglie
intitulé "Histoire de la France".

DRAMATISMO

No curuto caudal do pensamento,
onde a ilusión a veces escintila,
avizorante o espírito vigila
da vida e o mundo o ñoto fundamento.

Forza segreda d'un presentimento
que non se avén ca fé, maina e tranquila,
loita coá dúbida, a razón vacila,
i-enche o peito terrible desalento.

Fulgor de dita que a morrer convoca,
trais do ronsel que no misterio toca
a cencia é inútil e o afán se frustra.

¡Ou, sempiterno sono de bonanza!
Se o deseo en Jesús atopa esperanza,
crudel anguria encontra en Zaratustral

ORBITARIO

— No quero cabal no pensamento,
só a lixeira e voces estranhas,
arborais e espina vicia
de vida e o mundo é lixeira fangosa.
Fóra porca d'un pensamento
que non se vive en té, mais e transgria.
Lúa cos dúbida, a raxon vaila.
Leción a paisa terribel desolada.

Estoy de día que a morte convoca
tais do tancei que no mundo tace
a ceada e mull e o xón se fira.

O SEGREDO

Rolan os mundos pol-o espacio,
na eterna voráGINE do infindo,
como tolos jogando ô pelagatos.

* * *

—E non se atoparán endejamáis—
dixome Deus certa noite.
(Orballaba. O vento, maino,
traguíame con mística dozura
sugestións confidentes)

—Detrás do Sol vai a Terra,
detrais da Terra vai a lúa,
detrais da lúa os pantasma
das sombras, que sodes vós.

O segredo, ¿tí non sabes?, é a forza
que mantén o equilibrio sideral,
a vida das cousas e a vida dos homes.

—Elogo, si é un segredo,

¿por qué pecamos?

E Deus díxome:

—Non pecades

por iñorar o segredo,
que non fora tal estonces
e nada sería o mundo
sin esa fonte vital, inesgotable.

Pecades porque non querés buscalo.
Eu si estou salvo non é
porque sea Deus.

Tamén eu iñoro o segredo...

Son Deus porque a cotío
o busco, e non repouso...

* * *

Rolan os mundos pol-o espacio,
na eterna voráxine do infindo,
sostidos nos entibos do arcano.

POSTULACIÓN DA ÉTICA

I

Cultivo, germe vivo
frol e froito
na alma;
jardín subrime,
con triple amor coidado:
conscencia,
dignidade,
arela de perfeución.

II

Só pol-a cultura o home asume,

en âas por diviño alento inzadas,
a persoalidade jurdia,
única, soberana,
o señoreamento do mundo,
das forzas cegas, mecánicas,
das turbulencias istintivas
e os fracasos óticos das almas.

Época que só degoa
a satisfauzón do corpo,
âs furias do istinto encadeada,
así medra o indecor e a injustiza
así se impón a vileza e a iñoranza,
así nasce o déspota nos pobos
—culmiñazón das coleutivas fallas—
i-érguese ovante sobre a inerme turba
como un César grotesco sobre un cimiterio de almas.

III

Novas generazóns,
(de narcisismo enfermas)

D. Leonor.¹⁾ Collocando-o na segunda metade do sec. XIII frisa a imitação provençal de que é prova segura o decasyllabo jambico. Fallando do Conde de Barcellos, aventa, mas regeita como indecisa a hypothese, suscitada naturalmente pela junção do Cancioneiro com o Nobiliario e pela menção do logar Barcellos em uma das Cantigas.²⁾ Recorda tambem o trovador gallego João Soares de Paiva, a cujos amores infelizes com uma infanta de Portugal o Marquês de Santilhana havia alludido; sem comtudo pretender identificá-lo com o auctor das cantigas.

Na descripção do codice affasta-se um tanto (não muito) de Ribeiro dos Santos e Lecussan Verdier. É, por exemplo, o primeiro que menciona as miniaturas e vinhetas.³⁾ Ao propagar a falsa noticia sobre a letra maiuscula do codice, fiou-se (supponho eu) mais nas indicações alheias, impressas, do que na sua memoria e mesmo nos apontamentos por elle proprio colhidos, vinte annos antes.⁴⁾ E tal reserva comprehende-se.

§ 20. Sobre este trabalho consciencioso baseia-se um estudo notavel de Fernando Wolf, o principe dos hispanizantes de então, o qual por meio de uma conjectura suggestiva, ahi enunciada, veio a ser o iniciador de um novo periodo de investigações, muito mais fecundo que o primeiro.

13°. Ferdinand Wolf, em *Hallische Litteratur-Zeitung* No. 87—91 (i. é. Vol. II p. 82—86, 89—112, 117—120); e *Nachschrift* a col. 214—216 da *Miscellanea* do dito jornal.⁵⁾

Foi no Post-Scriptum que o sabio Viennense, fundando-se nos famigerados dizeres de Duarte Nunes de Leão sobre a actividade litteraria de D. Denis e sobre o achado, em Roma, no sec. XVI de um Cancioneiro com obras do monarca, accentuou a urgencia de se fazerem buscas na Bibliotheca do Vaticano, dizeres aos quaes

1) CA 198 *Por Deus! ay Dona Leonor.*

2) CA 236.

3) Vid. von Schack, *Geschichte der dramatischen Litteratur und Kunst in Spanien*, Vol. I p. 96.

4) Creio que o estudo foi redigido com bastante antecedencia a 1840. Pelo menos Bellermann não estava informado da suppressão do Collegio dos Nobres, nem da transferencia do Codice, nem ainda do achado das folhas soltas em Evora. O projecto da Academia, de publicar o Cancioneiro, a que elle se refere, deve portanto ser o de 1814.

5) O artigo de Wolf foi traduzido por Edelstand du Méril no *Journal des Savants de Normandie* p. 30—51 e 79—95.

FONS VITÆ

*Hic tamen hâc mecum poteris requiescere nocte
frondè super viridi: Sunt nobis mitia poma,
castaneæ molles, et pressi copia lactis.*

(Virgilio, Egloga I)

Quédate ja connmigo, hogue e sempre,
non te vaias. Eu terei pra tí
canto n-estes eidos hai. Castañas
doces, soaves, mazás das millores,
de crás varia e sabor como a mel.

Terás leite presa a mais amante,
mungida no establo farturento
do mais rico dono da comarca.

Sobre o céspede mol, n-esta noite,
sou o ceu d'estrelas namorado,

na vasta quietú da Natureza,
no colo diviño dos silenzos,
juntaránse os nosos corazóns
n'un nú eterno, coma as nosas almas
estaban, ó vir ó mundo, unidas.

Baixo o dosel de ceo, no amplexo
inmortal do noso amor bendito
no altar ingente da Natureza,
os campos frolecerán de rosas,
os arbres de froita adunia, mestos,
como ofrenda de milagro á vida,
e dirán os élitros do mundo
a gloria insenescente do Amor.

UNAMUNO

Alma ardente, de cristiano e cabaleiro
forjador de pensamento e de conciencia,
quixo un pobo soberano pol-a cencia,
e foi n-il o mais preclaro sementeiro.

A inquedaanza espiritual sembrou de cote,
con vehemencia á un tempo mística e profunda,
e diante a visión da patria moribunda
xurdíu sobre o ermo con azos de Quijote.

Na fé coa razón en loita lacerante,

con pulo aceso trais a verdade huraña,
trazou o «Sentimento trágico da vida».

E, como onte Hugo, Voltaire, Esquilo e Dante,
no exilio que fai gloriosa á terra estraña,
prosigue a cátedra ideal nunca esquecida.

AS RAÍCES

O machado fendeuno,
con cego fatalismo;
caeu o carballo ò chán
como un monstro sin vida.

Había aguantado os ventos,
os huracáns e os raios,
forte, sereo,
solitario.

N-il fixeron os paxaros
os seus niños,
cunas quentes, garimosas;
ò seu socaire,
bajo un ceo de follas,

houbo tenruras parentales,
e arroulo de amores,
e armoñía de cantares.

Tiña unha norma vegetal simbólica;
regalo dos ollos, sombra e arrimo;
berce, lume no lar, cadaleito.

Caeu o carballo á Terra;
pero as suas raíces—venas télúricas—
siguen compondo
o eterno poema biolóxico.

O QUETZAL

Paxaro voandeiño,
ti és o Espírito Santo.

Plumaje negro, de neve ou d'ouro,
¿qué mais dá?

Basta par'a gloria do que vive,
a vida do quetzal.

Máis que os cóndores altivos
íl rube na imensidá;
máis que o sinsonte algareiro
enfeitiza o seu cantar.

Eu ben sinto na miña alma
a grandeza do quetzal:
¡a idea pura que morre
se lle falta a liberdá!

NO CAMPOSANTO


No adro hai unha labarada,
un resprandor istrano, como d'un nimbo
que só no adro refulge.

Ô redor escuridade, noite pecha,
sombras cabalgadas, silenciosas.

O vento, nos castiñeiros,
alá en baixo,
ten acentos arripiantes.

Brúan por entre o ramaje
as almas dos esquencidos.

No aro grande do nimbo,
que fai escorrental-as sombras,
Deus fai unha escolma de mortos.



ELEGÍA DO ESPRITO ENFERMO

O sentido común do instinto sabe
abrir a roita, refugir o erro;
no mecanismo universal das cousas
é un resorte integrante teleológico,
e non busca a verdade; éa il mesmo.

Esto dixo Dionisos. Noite escura
as súas verbas auguraban. Sombras.
Apolo, baixo arcano alento, estende
o seu domiño ó longo das edades,
e surden o dereito, a cencia, a arte.

Mais, ¿ónde está a verdade?... ¿E ónde o home,
señor da terra e o ar, dono da alma,
de Deus image, ou, como il mesmo, Deus?
¿É a verdade o mal, a guerra inícuca,
a tiranía, a servidume, o crime?...

O sentido común da ciencia iñora
—verdade no devir ó fin plasmada—
o camiño sinxelo, a norma fija.
Na balumba apolínea, o home cae
na enfermédá do espírito en sí mesmo.


¿Tiña razón o prisco Dïonisos?
¿Tiña razón tamén o novo Nietzsche?
No misterio ontogénico dos xérmolos
frolescentes, quizá mais outa vida
se forjase, no amor e na verdade,
coa enerxía prima dos istintos,
callada no valor do superhome.

SEMPRE MAIS LONGE...

Acénasme dende longe,
e coa mán chámame a tí.

No voo da túa mán vexo a mirada
frolecendo no ar como un milagre,
espellismo d'amor ou vãn promesa
de sortílexos goces ilusorios.

Canto mais me acerco a tí,
mais pra longe tí te vas.



O JUNCO

O junco estéril campea
na riveira da lagoa;
finca na lama as raíces,
n'unha mísera laboura.

Tírao pra baijo a terra,
e il na terra se acomoda.
O seu leito mol é o fango;
se pode voar non voa.

Na flebeza milenaria
d'un pulo que nunca estoupa,
foi caíndo na abyeución
que o gusto do limo adoita.

¡Alma do junco sinxela,
que un fado vil condenouna!
Esmorecida na lama,
¡se quere voar non voa!

A VERDADE

*Só a verdade nos
porá a toga viril.*

J. de la Luz Caballero

Foi un esgrevio educador cubano
o que dixo istas verbas sugerentes,
amor dos homes ó progreso humano,
roita de luz nos pobos decadentes.

Arela viva do saber que explora,
visión profunda do vital destiño
da humanidade que ontes, hoje, agora,
busca sin folgo a luz no seu camiño.

Diante da pobre Hespaña que hoje toco
—inerte ou vil, pois co ludibrio carga—
isas verbas geniás que agora evoco
c-unha saudade cósmica i-amarga,

eu grabaríaas c-un troquel ardente,
como fito da redenzón querida,
de cada cibdadán na oscura mente,
—sagro tesouro—para o ben nacida.

¡Verdá, verdá, da liberdá meliza,
sublime airón, enseña lumiosa!
¡Cando todo no entorno se esnaquiza,
izala ô cume é unha misión groriosa!

O GRILO A CANTAR...

Gli gli, gli gli, gli gli...
Canta aquí, canta aló, canta acolá.
¿Onde diaño canta o grilo?
¿Onde o grilo cantará?

Non sei se anda na herba
ou si baijo a terra está;
non sei se rubíu á copa
do arbore mais outo,—ogallá,
porque as áas mais sensibres
car-ó ceo sempre van—

ou se n'un raio da lúa
urde un ensono cicáis.

(Fai un silencio profundo
a orquestazón vegetal.)

Gli gli, gli gli, gli gli,
sigue o grilo aquí e alá,
e a ringleira dos seus pitos
da noite na imensidá,
como estrelas derrubadas
rompen na terra a laiar.

(A ubicuidade do cosmos
garda co grilo o compás.)

A DOR

Lévame ista anguria logo,
lévama pr'alá, moi longe.

De cote vai no meu peito
—cárcer de odio e de amore—
unha brasa sempre acesa
que no mais fondo me doe.

Lévame ista anguria, logo,
lévama pr'alá, moi longe.

Amor e dor son o mesmo;
o odio ten n-eles acorde,

porque sin él non tería
senso no mundo o amore.

Eu non sei qué ten a dor
que d-iste geito me roe,
pois cando quero calmala
sinto que en mín algo morre.

¡Ai, non me levés a anguria
que no meu peito me doe!

«NATURA NATURANS»

(Na aldeia)

Vidas humildes, escuras,
no traballo e na resifación curtidas;
afán do día,
pensamento no día de mañán,
inquietudanza sin trégoa,
a choiva que non ven
a anada que se vai.


Ceo e terra.
Ritmo lento, sempre igual.

Sinfonía de cores da Natura;

sinfonía de cores e de formas, invisibles
no desacougo do vivir, na inqueda espranza
que flota entr'a nube e a semente.

Melodía do mundo vegetal,
dos germes zoológicos que as genas
estructuran en múltiples especies
con concencia de artífice perfeuto,
dende a grama ô castaño,
dende a amiba á águia.

Energía universal que no misterio
forja a vida dos seres e das cousas
e da ô home, sin que il repare
—paxaro ja nos aires, touna ainda na terra,
da sua limitación queila e muxica—
o cumprido milagre d'un poema.
¡O poema máis belido e profundo,
con millentas notas de armoñía
n'un pentágrama único e inefabell



A INIQUIDADE

Sic vos non vobis..

Como laboura a abella
zugando a mel pró alleo,
como na ovella infeliz
medra a lan pra istrano leito,
e o boi, junguido ô arado
perpetúa o seu trafego,
arrecadando pró dono
o pan que ofrecen os eidos,
así traballan de cote
—parias de todol-os tempos—
os exércitos dos pobos,
os soldados verdadeiros.

Mentras na chouza indigente
rube unha oración ô ceo,
juntando co esforzo a fé
n-un porvir mais fartureto,
e o brazo do proletario
brega sin cesar aeito,
os apostados no mundo
(eu non sei por qué decreto)
pra irilles zugando o sudore
que outros van botando arreo,
non teñen mais inqueda
que soster seus privilexos.

Defenden a lei vigente
que lles ampara o dereito
â folganza i-a sumire
o sangue do pobo enteco.

Defenden a monarquía
—anacrónico esperpento—
porque trai de longas épocas,

da lobreza dos tempos,
unha tradición de aldraxes
e unha historia de atropellos.

Defenden a igrexa porque,
pervertído-os conceptos
—da mesma sorte que as almas,
secas didiante o misterio—
da relixión fan peldaño
dos apetitos noxentos,
e coidan qu' o cristianismo
naceu pra meterlles medo
ôs que arelando xusticia
van de cabeza ô inferno
si se negan a ser carne
de cañón dos fariseos.

Defenden a aristocracia
(unha caterva de necios)
porque todol-os parásitos
s'entenden entr'eles mesmos.

Defenden a autoridade
porque n-ela ten sustento

a transgresión qu-os validos

fan da lei e do dereito.


¡E malia quen turbar ose

o orde dos cimiterios!

ERMO TRÁGICO

No ermo áspero, sin sol,
do espírito e da vida
da miña pobre patria
baixo unha pouta imbécil,
desgarradora e parva,
unha dor cósmica enche
o basto panorama.

Dend'a abieución do home
à inermia da Natura
—indiferenza lóbrega,
qu'o azo vital espanta—
o universal recendo
dalle expresión à Nada.



ROMAGE DA POST-GUERRA

Alá no curuto a ermida,
co-as espadañas en festa;
dend'a víspera as esquilas
gabando ô santo tolean.

Estralan no adro os foguetes,
non se traballa nas leiras,
e o disanto envolve a paz
virgiliana das aldeas.


Pol-os camiños de longe,
bajo d-un sol que requenta,

as mozas, moi peiteadas,
sin darlle o anxeio espera,
suben e baixan e tripan
os tojos, choutando as pernas,
por mor de que non l'esgacen
do *trinc* as medias de seda.

A música da Bragaña,
ou a banda de Rivela,
ja non se estilan. ¿Quén hogue,
por atrasado que sea,
non se bota un charlestón,
un tango ou un «fox» na festa?
¿Quén aínda, ó son da gaita,
ponse a beilal-a muiñeira?

A romage vai caíndo,
cínguese a ermida de néboas,
i-as mozas voltan, quentando

unha ilusión, car'a aldea,
e por montes e congostras
oíse cantar, con voz rexa,
a «Madelón» e a «Ramona»,
que foron o *chic* da festa.



O CEPO

Ja sei quén eres,
Euménide d'estes tempos.

Tel-a melena curta
e pintura nos beizos;
os ollos co carbón
fingen ter un misterio,
e coas pernas ô aire
tes arranjado o cepo.

Pero non te aproperes,

porque eu ben te conezo
Do vello Schopenhauer
certa frase relembro,
i-é inútil que te rapas,
despistando, o cabelo.


Moi feitaña, eso sí,
moito refinamento:
tés, automobles, tangos,
e latricar moderno.
Moito aquel por afora,
pero ren por adentro.

¡Ja sei quén eres,
Euménide d'estes tempos!

PLEBE

Diante o pretorio, bárbara e feroz,
«crucifixe eum, crucifixe eum», berraba
a turba desmandada contra un Dios.


Arestora, didiante un pobre mlite,
a moitedume, sempre igual, ornea:
«¡O salvador, que viva o salvador!»



A TERRA SIN ESPRITO

Non mais cantos á paisage.
Non mais gabanzas á Terra:
o que a Natureza dounos
non é premio, que é ofrenda.

Pra ter dereito á ufanía
hay que plantar algo n-ela.



O CASTELO DERRUBADO

No cume, agejando o hourizonte,
(néboas que a veces fingen
pó de batalla)
estratéxico, altivo,
rige impávido o paso
das gentes e dos séculos.

Ô pé as generaci3ns debullaron ensonos,
alugaron alentos,
e hogue, en espranza imprecisa,
devoran traballos e anceios.

De cada tronco dos arbres espidos
nas noites que fingen espeutros,
érguese a mole sinistra
que ten no seu seo
—según conta a lenda
ô conjuuro do medo—
pantasma terrible,
pavores de crimes horrendos.

Pedra a pedra foi caíndo;
derrubouse o castelo.
O espírito pechado,
iconoclasta da emoción do tempo,
desfixo o ensono,
arrincoulle as entranas ô culto pretérito,
i-engadindo ôs seus propios
os istranos misterios,
levantou cos destrozos da Historia
un novo castelo...

AS APARENCIAS

Pouco importa que se tape,
porque se lle ven as prumas.

Civilización é un hábito
epidérmico e formal
que non alcanza á medúla
do espírito, sólo fecundo
pol-o aspergio da cultura.

A civilización acada,
no convencioísmo oculta,
unha espresión de ficticia

aparencia, que acugula
hones e até riquezas
nas plutocráticas turbas.

Non anda ô redor o sol,
ni-é tod'ouro o que reluza.

Oş de finchanza mais grave
si no caletre lles furgan,
mostrarán sin geito ambiguo
unha nescencia que abruma.

Pouco importa que se tape,
porque se lle ven as prumas.

O NOVO EMIGRANTE

(Manoeliño na Habana)

Bágoas nos ollos,
a dor no peito,
deixou o leito
moi de mañán;
dend'alá arriba
mirou pr'aldea
coa i-alma chea
d'escuridá.

Un barco negro
con gente istrana,

levouno â Habana
sin sentir ren,
como quen leva
un fardo vãn
que troca o chãn
por outro ben.

Sol e mulatas,
piña e mamey...
Forma na grei
da Sociedá;
entra no Centro
con certo tón;
baila o danzón
na Tropical.

Afina o paso,
move a cadeira
d'unha maneira

que genio dá;
e se a pareja
lle louba, ufana,
a filigrana
do seu compás,
il ponse rufo,
tira pra diante
e dí pimpante:
—«¡Chica, que vá!»

Faint, illegible text, possibly bleed-through from the reverse side of the page.

NA CIBDADE

*(Apunte d'unha topografía espiritoal dos
Casinos)*

A fiución refugiose na cibdade
co engádego sutil do floripondio,
da mentira encuberta pol-a pompa,
do mimetismo impondo a lei da vida.

A desnudez do esprito soslaiada
pol-a fachenda; os turbos apetitos
que na epidermis toca, non na mente.

Valeirez de valores. A cobiza
do que en sí mesmo nada representa
adoana, foza e intriga pra ser algo
pol-a aparencia só, na farsa histriónica.

Casinos e cafés de gente obtusa
que fala do calor, do frío e o fútbol,
ou das clases pasivas milloradas,
comentando o aumento con lediza,
sin repugnarlle seu vivir do probe
que con traballos, sonos i-esperanzas
imprime a vida un senso de nobleza;
sin repugnarlle, ainda moito menos,
a nula autoridá dos que manejan
por arbitrio faucioso e desleigado
o patrimonio do sudor do pobo.

Fugidos da soedá porque non ousan
verse fronte ó vacío d-eles mesmos,
buscan no gregarismo coleutivo
—montón informe de pasións mezquiñas—
unha razón esterna de existencia
e falan, sin rubor, do Auntamento,
sin grima, do Goberno que hoga manda,
e, ceibando as ideas mais estultas,
hastra dialogan con prosopopeia,
crêndose d'este geito ser personas.

¡Ouh, oquedade ingente das cibdades,
oculta na bambolla d'aparencia,
ô par das leis mentales dos Casinos!..

Faint, illegible text, possibly bleed-through from the reverse side of the page. The text is arranged in several paragraphs and is too light to transcribe accurately.

COUSAS DA LÚA

A lúa, na carballeira,
bota a deitar leopardos,
e faise espello nos teitos
pra que se miren os gatos.
Proxeneta baquiana,
disponlles a modo o leite,
e, limpándose as fazulas,
chosca un ollo por adentro.

* * *

É un retórico mentir
o mentir dos poetas:
nunca na vida a lúa

vomitou unha estrela.

Nemigas dende o orixe,
a lúa, boca famenta,
anda tola a perseguilas
e pol-o medo escorréntaas

OS TEMPOS

1

Automobiles. Pantorrillas.
Cine. Boxeo. Jazz-band.
Dictaduras. Charlestón.

2

Nivelación de valores
n'un plebeismo exultado.

3

A tolvaneira patopsíquica
mesura todo igoal

querendo borrar os límites,
confundir as jerarquías.

4

Rinconete arriba,
picaresca abaixo.
Hedonismo de gañáns
en merenda de negros
con chaquet.

5

Analfabetismo arrogante.

ROMANCE DO SEÑOR DAS
CARAPAZAS

O señor das Carapazas
ten trinta moios de renda,
nove fanegas cumpridas
e os castaños da devesa.

Dalle à sua filla as codias
pra que por mor da mantenza
non ll'alubisquen os mozos,
e il atasca na parenta.

O señor das Carapazas
ten ateigada a despensa,

unha filla esmirriada
e unha bombona manceba.

Déijaa pechada na casa
cando vai coa filla a igrexa,
e doise pol-o camiño
da pobriña que está enferma,
dos eidos que non dan froito
e da anada, qu'é pequena.


O señor das Carapazas
ja non ten ren na despensa,
morreulle a filla de fame,
tiran pra baixo as facendas,
e se Deus non-o protege,
vaise a quedar sin manceba.

LOITADOR...

¡Loitador, non te deteñas!
Ten cada hora novo alento,
sigue a luz que te ilumina,
mira a cotío pr'ó ceo.

Ôn lado e outro do camiño
toparás pinchos e rebos,
e da estulticia e a enveja
ladraránche os cans famentos.

Loitador, non te deteñas!
¡Levas a verdá no peito,
e a estrela que te guía
ten resplandores eternos!



INDEX


I


	<u>Págs.</u>
*	7
POEMA DO ALFAREIRO	11
DRAMATISMO	15
O SEGREDO.	17
POSTULACIÓN DA ÉTICA	19
FONS VITÆ.	23
UNAMUNO	25
AS RAÍCES	27
O QUETZAL.	29
NO CAMPOSANTO	31
ELEGÍA DO ESPRITO ENFERMO	33
SEMPRE MAIS LONGE	35
O JUNCO	37

A VERDADE	39
O GRILLO A CANTAR...	41
A DÔR	43
NATURA NATURANS.	45

II

A INIQUIDADE	49
ERMO TRÁGICO.	53
ROMAGE DA POST-GUERRA	55
O CEPO.	59
PLEBE	61
A TERRA SIN ESPRITO	63
O CASTELO DERRUBADO	65
AS APARENCIAS.	67
O NOVO EMIGRANTE	69
NA CIDDADE	73
COUSAS DA LÚA	77
OS TEMPOS.	79
ROMANCE DO SEÑOR DAS CARAPAZAS	81
LOITADOR...	83







Lista das publicacións NÓS

	<u>PTAS.</u>
† Loís Amado Carballo	
O GALO	3'00
Evaristo Correa Calderón	
MARGARIDA A DA SORRISA D'AURORA	0'50
† Ricardo Carballal	
DE MIN PRA VÓS	1'00
Camilo Díaz Baliño	
CONTO DE GUERRA	2'00
Rafael Dieste	
A FIESTA VALDEIRA	2'50
Xosé Lesta Meis	
ESTEBO	3'50
Gonzalo López Abente	
MARÍA ROSA	1'20
VAOSILVEIRO	2'50
NEMANCOS	2'50
Manuel Antonio	
DE CATRO A CATRO	

Antón Noriega Varela	
COMO FALAN OS BRAÑEGOS	2'00
Ramón Otero Pedrayo	
OS CAMIÑOS DA VIDA (novela en 3 partes)	
OS SEÑORES DA TERRA (1. ^a parte)	2'50
A MAORAZGA (2. ^a parte)	2'00
O ESTUDANTE (3. ^a parte)	2'50
A LAGARADA	0'80
PELERINAXES I	5'00
Xaime Prada	
GRABADOS EN LINOLEUM	2'50
Francisco Porto Rey	
A TOLA DE SOBRÁN	0'80
Vicente Risco	
O BUFÓN D'EL REI	0'80
O PORCO DE PÉ	3'00
METODOLOGÍA DE LA HISTORIA	10'00
Xulio Sigüenza	
CANTIGAS E VERBAS AO ÁR	2'00
Antón Villar Ponte	
TRÍPTICO TEATRAL	3'00
Ramón Villar Ponte	
HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA	5'00
DOCTRINA NAZONALISTA	2'50
Xesús San Luís Romero	
A VOLTA DO BERGANTIÑÁN	0'50
Castelao	
SEGUNDO LIBRO DE COUSAS	3'00
Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas	
O MARISCAL	1'00

Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos Tomo 2.º	3'00
Alvaro de las Casas	
A MORTE DE LORD STAÜLER	1'20
Roberto Blanco Torres	
ORBALLO DA MEDIA NOITE (poesías)	2'00



Van apareceren:

ABRENTE e ENXANGADAS, por Victoriano Taibo.

3.º tomo de ARQUIVOS DO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS.

VERSOS A TRES CÁS o NETO, por Euxenio Montes.

Suscribase a

A NOSA TERRA

Idearium das Irmandades da Fala

Redaición e Administración

Real, 36-1.º

A Cruña.

LEA VOSTEDE
A REVISTA
MENSUAL


N Ó S

BOLETIN DA
CULTURA
GALEGA

Redaición: Santo Domingo, 47-2.º - Ourense

Administración: Real, 36-1.º - A Cruña

Rematouse de imprentar
en "NÓS" o dia tres
de Outono do
M C M X X I X



REA

A

13

B

ROBERTO BIANCO YERES
ORBALEO DA
MEDIA NOIT

AL ACAD
GALEG
CORU

300
Biblioteca